



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Español como L2	Código	613G03048	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Mascato Rey, Rosario	Correo electrónico	rosario.mascato@udc.es	
Profesorado	Martín Molares, Mónica Mascato Rey, Rosario	Correo electrónico	monica.martin.molares@udc.es rosario.mascato@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Trátase dunha iniciación á metodoloxía do ensino do español como lingua estranxeira.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A8	Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A1	
	A11	



Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.	A5 A10	B2	
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.	A3 A14	B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Apreciar a diversidade.		B8	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma	A8	B4	C1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A adquisición de linguas estranxeiras e segundas linguas	1.1. Precisións conceptuais 1.2. Algunhas teorías sobre a aprendizaxe da L2 1.3. Factores condicionantes na aprendizaxe da L2
2. Métodos e enfoques do ensino de ELE	2.1. Metodoloxía, método, enfoque: precisións terminolóxicas 2.2. Evolución histórica dos principais métodos previos ao enfoque comunicativo 2.3. Enfoque comunicativo: MCER e PCIC 2.4. Novas perspectivas: ensino de ELE con fins específicos; AICLE.
3. Didáctica de ELE	4.1. Competencias, destrezas e contidos 4.2. Materiais didácticos 4.3. Evaluación e corrección
4. Novas tecnoloxías no ensino de ELE	4.1. Uso práctico das TIC no ensino de ELE.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A3 A5 A10 A11 A14 A15 B2 B3 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C6 C7 C8	0	30	30
Presentación oral	A5 A11 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1	4	10	14
Lecturas	A3 A8 A11 A14 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C6	0	20	20
Obradoiro	A1 A3 A5 A10 A11 A15 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C7	7.5	15	22.5



Estudo de casos	A1 A3 A5 A8 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C3	4	4	8
Sesión maxistral	A1 A3 A11 A14 B5 B8 C6 C8	16	0	16
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O alumno terá que realizar un traballo final para a materia baixo a orientación e seguimento da profesora.
Presentación oral	O alumnado realizará postas en común e presentacións de leituras para a súa discusión no marco da aula.
Lecturas	O alumnado deberá facer lecturas relacionadas cos contidos do temario.
Obradoiro	O alumnado realizará actividades e tarefas no marco da aula. Un máximo de catro destas actividades serán entregadas para a súa avaliación.
Estudo de casos	O alumnado realizará, baixo a guía do profesorado e coa utilización de distintas ferramentas, análises de materiais de ELE para afianzar o contacto coa práctica docente na aula.
Sesión maxistral	A profesora presentará os temas en sesións expositivas, que enfocará do xeito máis práctico posible.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Traballos tutelados	As actividades dos obradoiros e o traballo titorizado levarán consigo unha fase de preparación e seguimento que implica un uso intensivo das titorías. A atención personalizada faise especialmente necesaria nas actividades cuxa formulación ou desenvolvemento sexan diferentes para cada estudante.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A3 A5 A10 A11 A15 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C7	Durante todo o cuadrimestre, serán programadas até un máximo de 4 entregas evaluábeis de tarefas de clase a través da plataforma Moodle. As instrucións e datas límite para a realización de cada unha delas, así como os criterios de avaliación aplicábeis, serán postos ao dispor do alumnado a través da mesma ferramenta.	50
Traballos tutelados	A1 A3 A5 A10 A11 A14 A15 B2 B3 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C6 C7 C8	O alumnado terá que realizar un traballo tutelado cuxas instrucións, materiais e ferramentas de preparación serán oportunamente disponibilizadas a través de Moodle. Valorarase o correcto e completo manexo das fontes; a capacidade do alumnado para levar á práctica os fundamentos teóricos aprendidos; a orixinalidade e a creatividade; a autonomía no traballo e a capacidade para planificar e xestionar cada tarefa con eficacia. Igualmente, serán fundamentais a corrección idiomática, a coherencia, cohesión e adecuación do texto resultante.	50

Observacións avaliación



1. En todas as actividades escritas (traballos, exercicios, comentarios...), será valorado o uso correcto e apropiado da lingua española, especialmente para fins académicos.
2. Non se admitirá ningún traballo nen tarefa entregada fora de prazo.
3. Calquera falta de honradez académica (plaxio, utilización de textos ou ideas dos autores sen indicar a procedencia, copia en exercicios ou traballos, ou outras variabais destas características) será penalizada coa anulación total da actividade de que se trate e a penalización correspondente en virtude da normativa vixente.
4. Obterá a calificación de NP (non presentado) o alumnado que non entregue o traballo tutelado, aínda que teña realizado as restantes actividades. Será preciso obter un mínimo de 4 puntos (sobre 10) en cada unha das metodoloxías de avaliación para poder superar a materia.
5. O alumnado que teña que superar a materia en segunda oportunidade recuperará tan só as actividades que tivese suspensas. Nese caso, o profesorado facilitará as indicacións oportunas a propósito das características do traballo ou entrega de exercicios por medio da plataforma Moodle, indicando as datas e procedimentos de entrega, para que o alumnado poida organizar con tempo suficiente as tarefas para a segunda oportunidade.
6. A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).
7. O nivel mínimo de competencia lingüística recomendado para cursar esta materia, no caso do estudantado Erasmus e de convenios internacionais, é un B1 de acordo co Marco Europeo para o Ensino e Aprendizaxe de Linguas.

Alumnado con dispensa académica de exención de asistencia

Os procedimentos e porcentaxes de avaliación serán os mesmos que para o alumnado restante. O profesorado porá a disposición deste estudantado tanto as instrucións para a realización como os procedimentos de entrega a través da plataforma Moodle.

As titorías concertaranse por correo electrónico e terán lugar en horario apropiado tanto para o estudantado como para o profesorado.

Oportunidade extraordinaria de decembro

O estudantado en disposición de optar a examinarse da materia na convocatoria extraordinaria en decembro será avaliado a través da realización dun exame que suporá o 100% da calificación.



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Alonso, Encina y otros (2012). Soy profesor/a. Aprender a enseñar. Madrid: Edelsa - Estaire, Sheila (2009). El aprendizaje de lenguas mediante tareas: de la programación al aula. Madrid: Edinumen - Fernández, Isabel Gretel María Eres (2010). La enseñanza de lenguas extranjeras y la evaluación. Madrid: Arco/Libros - Martín Peris, Ernesto et al. (2008). Diccionario de términos clave de ELE. En línea en http://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/diccio_ele/. Madrid: SGEL - Martín Peris, Ernesto; Sabater, María Lluïsa y García Santa-Cecilia, Álvaro (2012). Guía para el diseño de currículos especializados. Madrid: Instituto Cervantes - Martínez Rebollo, Alfonso (2014). Enseñanza, adquisición y aprendizaje de la lengua extranjera (LE). Una revisión teórica desde la práctica reflexiva del aula. Murcia: Ediciones de la Universidad de Murcia (Editum) - Matte Bon, Francisco (1995). Gramática comunicativa del español. Madrid: Edelsa - Pastor Cesteros, Susana (2004). Aprendizaje de segundas lenguas. Lingüística aplicada a la enseñanza de idiomas. Alicante: Universidad de Alicante - Romero Dueñas, Carlos y González Hermoso, Alfredo (2011). Gramática del español lengua extranjera. Normas. Recursos para la comunicación. Madrid:Edelsa - Sánchez Lobato, Jesús y Santos Gargallo, Isabel (dirs.) (2008). Vademécum para la formación de profesores: enseñar español como segunda lengua (L2)/lengua extranjera (LE). Alcobendas: SGEL - Williams, Marion y Burden, Robert L. (2008). Psicología para profesores de idiomas. Enfoque del constructivismo social. Madrid: Edinumen - (2006, 2007). Plan curricular del Instituto Cervantes. Niveles de referencia para el español. En línea en http://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/plan_curricular/. Madrid: Instituto Cervantes-Biblioteca Nueva - (.). Página Web del Centro Virtual Cervantes. En http://cvc.cervantes.es/ensenanza/ - (2002). Marco común europeo de referencia para las lenguas: aprendizaje, enseñanza, evaluación. En línea en http://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/marco/. Madrid: Instituto Cervantes, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, Anaya
Bibliografía complementaria	Proporcionarase bibliografía específica en cada tema.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías